



O ADMINISTRADOR DIOCESANO DE MONDOÑEDO-FERROL
BISPO ELECTO DE LEÓN

Ferrol, 21 de outubro de 2020

Benqueridos irmáns e irmás de Mondoñedo-Ferrol:

Un saúdo cordial en Cristo e no Corazón de María.

Diríxome a todos vós para comunicarvos que o papa Francisco vén de nomearme bispo de León. Unha noticia que nos fai pensar na nosa comunión eclesial. Seguirei ao voso servizo en Mondoñedo-Ferrol ata pouco antes do 19 de decembro, data na que iniciarei, Deus mediante, o ministerio pastoral naquela diocese irmá de san Froilán. Agradezo ao Santo Padre a súa confianza por esta nova misión. Oremos polas súas intencións, como sempre pide, e orade por min, que tamén o necesito.

Os anos que pasei entre vós foron un tempo de graza do Señor que me emociona. Estouvos inmensamente agradecido pola acollida, a colaboración e as mostras de afecto recibidas. Mondoñedo-Ferrol foi bendicida cunha incomparable beleza da creación nos seus montes, vales, ríos e mares, proba da bondade e do coidado de Deus con estes pobos. Pero a maior riqueza e bendición do Señor son as persoas de fe, amables, sinxelas e hospitalarias que peregrinades por estas terras do norte de Galicia.

Desde o meu agradecemento a todas e a cada unha das persoas que atopei en Mondoñedo-Ferrol, permitídemme, con todo, que, en primeiro lugar, mostre a miña especial gratitude a cada un dos sacerdotes que tan preciosas como imprescindibles responsabilidades desempeñan por toda a diocese, sobre todo aos que xa están en idade de xubilación e continúan a tarefa e, desde logo, aos enfermos e retirados.

Mención particular merecen o Sr. Vicario xeral, os Vicarios de pastoral, o Ecónomo diocesano, o Chanceler secretario, os arcepresbiteros, os membros do Consello de Goberno, do Cabido Catedral, do Consello Presbiteral, do Colexio de Consultores e da Casa Sacerdotal.

Tamén expreso a miña admiración e agradecemento, sen orde de preferencia, ás persoas consagradas de vida activa e contemplativa; aos formadores, seminaristas e ao diácono; aos educadores, traballadores e voluntarios, leigos e relixiosas, nos centros de acollida de menores; aos membros das comunidades educativas dos nosos colexios; aos profesores de relixión; ás persoas empregadas, voluntarias e relixiosas das residencias de anciáns; aos encarcerados e aos seus familiares; á familia do Centro de Inclusión “Gabriel Vázquez Seijas”; aos inmigrantes e sen teito; ao equipo directivo, técnicos e voluntarios de Cáritas diocesana; aos enfermos e persoas con discapacidade; aos bos amigos e irmáns das confrarías, as asociacións, os movementos e os distintos grupos de fe, oración e vida; aos queridos fregueses, fieis asiduos ao templo e aos sacramentos, catequistas e monitores, voluntarios de Cáritas e de pastoral da saúde, sancristáns, membros de consellos, así como corais e coros; aos traballadores da Curia, da Domus Ecclesiae e do Seminario Santa Catalina; aos delegados e outros responsables diocesanos; ao vicecónomo e demais leigos do Consello Diocesano de Asuntos Económicos e aos leigos do Consello Diocesano de Pastoral.

É unha gran riqueza a da nosa Igrexa de Mondoñedo-Ferrol e temos que dar moitas grazas por tantas persoas que se desviven polos demais. Encoméndovos a todos ao Señor coa intercesión da nosa Señora dos Remedios e San Rosendo.

Cando me presentei no 2016 a esta benquerida diocese como bispo misioneiro, daba grazas ao Señor porque me regalou unha nova familia. Así vos aceptei e me comprometín a deixarme acompañar por vós e acompañarvos para atopar xuntos a Cristo e dar testemuño de fe, esperanza e caridade. Grazas, porque me sentín moi ben acompañado. Mondoñedo-Ferrol ensanchou o meu corazón de misioneiro e pastor. Perdoade os meus erros e deficiencias no camiño percorrido. O mellor que nos sucedeu é que o Bo Pastor nos apacentou a todos.

Inda que me saben a pouco estes catro anos e medio, síntome moi afortunado. Descubrín nesta Igrexa particular un tesouro cristián de incalculable valor. Goza dun rico pasado, é consciente do seu presente crucial e afronta o futuro con confianza e esperanza. No seu compromiso de renovación tenta ser unha diocese misioneira, misericordiosa e samaritana, comunidade de comunidades ao estilo dos primeiros cristiáns. A diocese de Mondoñedo-Ferrol queda gravada con letras de ouro no meu corazón.

Compráceme poder expresar unha palabra de gratitude para toda a Igrexa en Galicia. Para o Sr. Arcebispo de Santiago de Compostela, D. Julián Barrio e os Bispos da Provincia Eclesiástica, D. Luís Quinteiro, D. Alfonso Carrasco e D. Leonardo Lemos. Igualmente, para os responsables e animadores da vida consagrada, Cáritas diocesana e pastoral vocacional que tiveron a sorte de acompañar durante estes anos.

Agradezo tamén a boa relación e o camiño compartido coas autoridades civís, militares, académicas e cos axentes sociais tanto das provincias da Coruña e Lugo como da Xunta e demais institucións de Galicia.

Quero adicar unha palabra de recoñecemento e gratitude aos profesionais e medios de comunicación presentes na diocese, especialmente á COPE e ao servizo diocesano de comunicación. Colaboraron intensamente, e espero o sigan facendo, para satisfacer a necesidade de comunicarnos, sentirnos unidos e conectados, transmitindo boas noticias no medio das serias dificultades que nos rodean. Máis nesta situación de pandemia, con fortes crises e graves problemas laborais que nos abouran, entre os que destacan a planta de Alcoa en San Cibrao e a Central Térmica das Pontes. Reitero que estamos ao lado dos traballadores e as súas familias.

Finalmente, dúas mensaxes. A primeira é que recemos confiados e esperanzados para que esta diocese teña un novo pastor canto antes. A segunda é que este curso está programado cun plan pastoral, unhas orientacións e un calendario que serán de axuda en cada comunidade cristiá e en cada recuncho da diocese. O plan pastoral, o plan diocesano de Unidades Pastorais, os esforzos de conversión de cada discípulo misioneiro e a preferencia clara polos máis vulnerables —pobres, marxinados, inmigrantes, anciáns, enfermos...—, constitúen un extraordinario *plan de Fraternidade e Esperanza*, que non defraudan porque están fundadas en Xesucristo, o noso Señor.

Xuntamente coa miña gratitude, recibide unha aberta fraterna e a bendición do Señor hoxe e sempre.

A handwritten signature in blue ink that reads "Luis Ángel de las Heras Berzal" with a cross symbol to the left and "C.M.F." to the right.

✠ Luís Ángel de las Heras Berzal, CMF
Administrador diocesano de Mondoñedo-Ferrol
Bispo electo de León